



ECONOMÍA

POR QUE ESTUDAR ECONOMIA?

Posto que a economía está presente en todos os aspectos da nosa vida cotiá, esta materia pretende que o alumnado chegue a coñecer as regras básicas que determinan os acontecementos económicos que lles rodean e a linguaxe específica empregado polos economistas e medios de comunicación para analizalos. O obxectivo, por tanto, é conseguir que se transformen en cidadáns informados, críticos e responsables que valoren e leven a efecto unha boa administración tanto dos seus recursos como dos da súa comunidade ou país.

Trátase dunha disciplina cunha gran transcendencia social, xa que o seu coñecemento contribúe a fomentar a mellora na calidade de vida, o progreso e o benestar social. A meta é que o alumnado chegue a comprender mellor todos os aspectos que os van a acompañar ao longo de toda a súa vida persoal e laboral, como axentes económicos e como cidadáns. É unha materia crave no campo das ciencias sociais e está orientada tanto á universidade, como cara a diferentes ciclos formativos.

Graos relacionados: Economía, ADE, Empresariais, Dereito, Finanzas, Relacións Laborais, Recursos Humanos, Comercio, Marketing, Turismo, Ciencias Políticas, Contabilidade e Finanzas, e outros como as Enxeñerías, Xornalismo, Comunicación Audiovisual... onde a economía forma parte do plan de estudos e nas que ao terminar a carreira pódense desenvolver funcións directivas que precisan posuír coñecementos e formación económica.

Ciclos Formativos relacionados: Todos os da rama de Administración: Administración e Xestión, Administración e Finanzas, Comercio e Marketing, Turismo...

QUE SE ESTUDA EN ECONOMIA EN 1º DE BACHARELATO?

Se escoitas as noticias ou les o xornal soaranche termos como “prima de risco”, “déficit público”, “crise”, “taxa de paro”, “inflación”, “tipo de cambio”, “mercado de valores”, pero...

saberías dicir que son? Na materia de Economía aprenderás a coñecer o seu significado, pero ademais tamén poderás responder a cuestións como:



Como funcionan os mercados? Que ocorrería se deixásemos de pagar impostos? Cal é a orixe da Unión Europea? Sabías que o diñeiro non son só os billetes e moedas que levas no peto? Por que uns países especialízanse en vender coches e outros petróleo? Que é a crise? Que é a demanda dun ben? E a oferta? Que ocorre cando ambas coinciden?

Que diferenza hai entre poboación activa e poboación ocupada? Por que nuns países é máis importante o sector primario e noutros o terciario?

QUE SE ESTUDA EN ECONOMIA EN 2º DE BACHARELATO?

Unha vez que xa comprendes que sucede nos mercados, quizais che interese saber como funciona unha empresa, incluso que hai que facer para ter a túa propia empresa. Por iso, a través desta materia resolveremos cuestións como:

Que tarefas desenvólvense nunha empresa? Como elixen os empresarios que produtos e a que prezo van vender? Que é o márketing? Como calculan as empresas os seus beneficios?

Que tipos de empresas hai? Como obteñen as empresas financiamento para investir nunha actividade produtiva? Con que frecuencia deben comprar as empresas as súas materias primas? Cando unha empresa vai investir diñeiro en comprar unha máquina, que debe facer se non ten suficiente diñeiro? Como sabe se será beneficioso adquirir esa máquina? Como pode calcular se coas vendas que terá gañará suficiente diñeiro para devolver un préstamo ao banco?



FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

Fundamentos de Administración e Xestión ten como finalidade o desenvolvemento do emprendemento, o coñecemento do contexto económico e do mundo empresarial, así como alentar aos alumnos e alumnas a converter as súas ideas en proxectos viables. Asemade, pretende fomentar o concepto de ética empresarial e responsabilidade social corporativa, o elo entre o mundo empresarial e educativo, e o desenvolvemento da creatividade como xermolo da innovación.

Os contidos abranguen aspectos básicos das operacións realizadas no ámbito da administración e xestión, tomando como referencia a realidade empresarial e dotando á materia dun desenvolvemento eminentemente práctico concretado en: xestión contable, instrumentos financeiros, I+D+i, investigación de mercados, deseño de campañas de promoción e publicidade, etc.

A materia proporciona un ensino polivamente que permite ao alumnado adquirir a necesaria capacidade de adaptación a un contexto cambiante, e o coñecemento dunha realidade empresarial na que desenvolverá a súa actividade laboral.



HISTORIA DA ARTE

O temario percorre os grandes estilos artísticos desenvolvidos no mundo occidental desde Grecia e Roma ata os nosos días:

- ✚ A **arte clásica**: arquitectura e escultura en Grecia e Roma.
- ✚ A arte **medieval**: bizantina, prerrománica, románica e gótica.
- ✚ A arte **do Renacemento** (Donatello, Leonardo da Vinci, Rafael, Miguel Anxo...).
- ✚ A arte **do Barroco** (Borromini, Bernini, Caravaggio, Velázquez...).
- ✚ A arte **do XIX**: Goya, o Impresionismo (Manet, Monet) e o Postimpresionismo (Seurat, Cezanne, Van Gogh e Gauguin).
- ✚ A arte **do XX**: as vangardas históricas (Expresionismo, Cubismo, Fauvismo, Surrealismo, Dadaísmo, Abstracción...), as segundas vangardas (Expresionismo abstracto, Funcionalismo, Organicismo...) e a arte na actualidade.

Trátase dunha materia moi visual (hai que saber observar as obras, miralas) **e de aplicación práctica** (os trazos dos estilos hai que recoñcelos en obras concretas dos grandes artistas). Ademais, o coñecemento da Historia da Arte agradácese cando viaxamos e é indispensable para valorar o inmenso patrimonio artístico da humanidade.



XEOGRAFÍA DE ESPAÑA

O temario está dividido en bloques, segundo o aspecto da Xeografía que se estuda:

- ✚ **Xeografía física:** relevo, climas, ríos e vexetación de España.
- ✚ Xeografía **da poboación:** crecemento natural, estrutura da poboación e movementos migratorios en España ó longo do século XX e na actualidade.
- ✚ Xeografía **urbana:** trazos das cidades actuais e a pegada dos tempos pasados.
- ✚ Xeografía **económica:** o sector primario (agricultura, gandería e pesca), o sector secundario (industria) e o sector servizos (turismo, transporte e comercio) no século XX e na actualidade.
- ✚ España en Europa e no mundo (consecuencias da entrada de España na Unión Europea e papel de España no mundo).

É un temario variado que **ofrece unha visión** ampla dos **trazos físicos do país e das características e problemas demográficos** (envellecemento da poboación, migracións), urbanos (modelo de cidade, tráfico, contaminación...) e **económicos** (abandono do agro, esgotamento dos caladoiros, cambios no modelo industrial, pros e contras do turismo...) **a resolver**.



HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA

O obxectivo desta materia é que o alumno acade desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta, ou dunha interpretación da mesma, así como que aprenda a consultar e contrastar distintas fontes de información, que lle permitan contextualizar unha obra no seu momento histórico e/ou estilístico.

Na medida do posible esta materia trataráse dende unha perspectiva práctica traballándose distintos contidos:

- ✚ Práctica vogal e instrumental.
- ✚ Danza histórica.
- ✚ Audición comprensiva.
- ✚ Representación escénica: adaptación de ópera, musical, ...

A través da audición comprensiva de distintos tipos de música, e sempre que as circunstancias sociais o permitan, tentaremos asistir a eventos de espectáculos e concertos. Este tipo de actividades axudarános a entender o feito musical de maneira directa, así como de relacionar a música co resto das artes, obtendo unha visión estética máis ampla e interdisciplinar.



MÉTODOS NUMÉRICOS E ESTATÍSTICOS

- ✚ O IES Mendiño ofrece a materia de libre configuración autonómica de Métodos Estadísticos e Numéricos (MET), de 2 horas semanais. A materia non forma parte das probas de ABAU.
- ✚ **A materia de Métodos comparte moitos contidos cos bloques de Probabilidade e Estatística de MAT II e MAT II CCSS**, o que permite abordar ese contidos de 2º de bacharelato con mais tempo e con maior fondura. Cursar a materia de Métodos permite ao alumnado enfrontarse ás probas de ABAU con unha base matemática máis sólida e ampla.
- ✚ **Cursar a materia de Métodos permite ao alumando de MAT II presentarse ao exame de ABAU de MAT II CCSS, pois todos os contidos desta última quedan cubertos con MAT II + MET. Con esta vía o alumnado de MAT II pode optar con mellor nota a aqueles graos universitarios nos que a ponderación de MAT II CCSS é superior á de MAT II.**
- ✚ Estes son os 6 bloques que compoñen a materia, así como a relación coas matemáticas de bacharelato e a ABAU:

| Métodos Estadísticos e Numéricos (MET) | ABAU de MAT II CCSS | ABAU de MAT II |
|--|---------------------|----------------|
| 1 - Mostraxe | SI | NON |
| 2 - Estatística inferencial | SI | Parcialmente |
| 3 - Probabilidade condicionada | SI | SI |
| 4 - Series temporais | NON | NON |
| 5 - Programación lineal | SI | NON |
| 6 - Métodos numéricos | NON | NON |



REFORZO DE INGLÉS

XUSTIFICACIÓN

A nosa proposta consiste no reforzo dos contidos da programación xeral de 1º de Bacharelato facendo especial fincapé na parte práctica dos mesmos e afondando naqueles aspectos que presenten mais complexidade aos alumnos, ben sexa a nivel gramatical, de vocabulario ou na práctica das distintas destrezas.

A principio de curso farase unha avaliación diagnóstica e , dese xeito, coñecer si o grupo de alumnos/as precisa un reforzo en canto aos contidos básicos na materia, o , si se pode facer unha ampliación dos mesmos.

OBXECTIVOS

- ✚ Comprender o sentido xeral, a información específica e os detalles necesarios de textos orais transmitidos en situacións cara a cara ou por medios técnicos, emitidos nunha lingua estándar e que traten temas habituais vinculados coa vida persoal e social e as distintas disciplinas do currículo.
- ✚ Producir textos orais coherentes e adecuados a distintas situacións de comunicación propias da idade e do nivel académico de estudos, con razoable fluidez e corrección, asegurando na interacción e a eficacia comunicativa dos discursos emitidos.
- ✚ Escribir, en soportes variados, diversos tipos de textos sinxelos, ben organizados e con razoable corrección lingüística e formal, sobre temas próximos e con distintos propósitos comunicativos.
- ✚ Comprender textos escritos en lingua estándar, tanto en rexistro formal como familiar, que aborden unha temática xeral ou relacionados co ámbito académico propios da idade e do nivel de estudos.
- ✚ Ler de forma autónoma textos xornalísticos, de divulgación científica e literarios, seleccionando a estratexia de lectura apropiada ao propósito da lectura e valorando esta como fonte de información, coñecemento e lecer.



- ✚ Utilizar e valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio para acceder á información e a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a súa importancia como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural e plurilingüe.
- ✚ Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais dos países en que se fala a lingua estranxeira tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre estes e os propios, e evitando toda discriminación e estereotipos culturais e lingüísticos.
- ✚ Utilizar a mediación entre persoas que non poden entenderse para facilitar que a comunicación se realice sen malentendidos e mellorar a comprensión intercultural.
- ✚ Saber planificar a propia aprendizaxe e adoptar unha postura activa e responsable dela, utilizando recursos, como as tecnoloxías da información e da comunicación, e estratexias para mellorar o desenvolvemento da competencia comunicativa e poder guiar a aprendizaxe de forma consciente dentro e fóra da aula.
- ✚ Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira amosando neste proceso actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade



LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

Esta materia optativa de 2º de Bacharelato trata de analizar o material construtivo da Literatura Galega dende hai un século.

O nome quizais engana, no sentido de que non se trata de estudar autores nin obras, senón os elementos utilizados na nova literatura para realizala. Para isto non só se bota man da literatura galega, senón tamén doutros exemplos da literatura universal que serven para exemplificar e explicar en que consisten esas técnicas literarias.

A materia divídese en varias partes:

- ✚ Narrativa de ficción e non ficción (novela, relato, microrrelato, artigos de opinión, ensaio, artigos xornalísticos).
- ✚ Literatura e outras artes (teatro, fotonovela, literatura visual, cine, banda deseñada, curtametraxe...).
- ✚ Poesía (evolución das técnicas e recursos poéticos, intertextualidade, novas temáticas, etc.)

Nesta materia non se realizan exames. A materia consiste en explicar esas novas técnicas e recursos literarios que renovan a literatura galega dende hai un século, analizar as posibilidades dos seus usos (narradores, tempos, espazos, personaxes, etc.), comparalos cos recursos similares empregados noutras literaturas (incluso algunhas das que beben as nosas obras) e aplicalo de forma persoal.

Poderíamos dicir que se trata dun curso de práctica literaria, no que o alumno/a aprende cales son os materiais cos que se constrúe a literatura galega actual. Neste sentido, a avaliación vén dada polas prácticas literarias levadas a cabo polo alumnado, ben de forma individual, ben en grupo. Eses traballos elaborados, totalmente persoais e adaptados aos intereses ou aptitudes de cada un deles, son os que serán cualificados para obter a nota na nosa materia.

En resumo, tratamos de que aquel alumnado que sente certas inquedanzas artístico-literarias encontren canles e técnicas literarias que lle axuden a encauzar eses intereses. Ao tempo, tamén procuramos que se entendan e saiban interpretar certos xeitos de facer literatura que non sempre son comprensibles para o alumno/a, e que lle pode axudar, xa que logo, no estudo literario da materia de Lingua e Literatura Galega.